



Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia  
Espineira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
copgalicia@copgalicia.gal  
www.copgalicia.gal



**Rosalía de Castro**

**"Mais ve que meu corazón  
é unha rosa de cen follas  
e é cada folia unha pena  
que vive apogada noutra..."**



**XII CONCURSO LITERARIO  
DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA  
DE GALICIA**

**ROSA DE CEN FOLLAS**

# **BASES XII CONCURSO LITERARIO DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA: ROSA DE CEN FOLLAS**

## **PRIMEIRA.**

Poderán optar ao premio todos os autores e autoras de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Os autores e autoras que teñan recibido xa o premio nunha modalidade non poderán presentarse a esa mesma modalidade nas tres seguintes convocatorias. Pasado ese tempo poderán concorrer con toda normalidade.

## **SEGUNDA.**

Establécese un premio de 250 € para a modalidade de poesía e outro de igual contía para a modalidade de narrativa.

O Colexio poderá publicar as obras premiadas na páxina web e noutras publicacións de divulgación do Colexio, sen que iso interfira cos dereitos de autor da persoa gañadora.

## **TERCEIRA.**

As obras, que serán de tema libre, deberán presentarse á modalidade de poesía ou á modalidade de narrativa, e terán unha extensión máxima de dúas páxinas; deberán presentarse por cuadruplicado en folia de papel escrita por unha soa cara.

As obras presentaranse baixo un título e un lema, achegados nun sobre pechado no que conste o título e o lema, así como a modalidade á que se presenta, no seu exterior e contendo no interior o nome e apelidos do autor ou autora, o seu enderezo, número de teléfono e correo electrónico.

## **CUARTA.**

O prazo de admisión de orixinais remata o **31 de maio de 2019**, e deberán enviarse ao enderezo do Colexio: Rúa Espiñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela, indicando no sobre “PREMIO ROSA DE CEN FOLLAS”, e a modalidade á que se presenta, narrativa ou poesía.

## **QUINTA.**

O xurado estará presidido pola decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e formarán parte del: a coordinadora da Comisión de Cultura, e dúas persoas de recoñecido prestixio no ámbito das nosas letras. A composición do xurado farase pública con anterioridade á súa reunión, coa fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

## **SEXTA.**

As persoas participantes terán a obriga de comunicar ao Colexio a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actuará en pleno, en sesión a ser posible única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións serán segredas e delas redactarase a acta correspondente. O xurado poderá declarar desertos os premios no caso de que as obras non reúnan a calidade ou os requisitos esixidos. A decisión do xurado será comunicada ás persoas gañadoras do concurso e posteriormente, darase a coñecer nos distintos medios de comunicación. O sobre pechado correspondente á obra que resulte finalista será aberto polo secretario/a do xurado coa fin de que poida darse a coñecer o nome da persoa gañadora na páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

## **SÉTIMA.**

Establécese un prazo de 15 días naturais, a contar a partir do día que se falle o premio, para que as obras presentadas e non premiadas podan ser recollidas, pasado ese período serán destruídas.

## **OITAVA.**

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase ás persoas participantes que os datos proporcionados formarán parte dun ficheiro coa finalidade de xestión dos/as participantes nesta convocatoria. A entidade responsable do ficheiro é o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, con domicilio en Rúa Espiñeira, número 10 baixo, 15706 Santiago de Compostela. Na devandita dirección poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición que legalmente lles asisten.

## **NOVENA.**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.